XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# CEIP PLURILINGÜE NANTES

*Rúa Pedrouzos, 2 Nantes*
*36969 Sanxenxo*
*Tlfno: 886 15 16 69*
*E-mail: ceip.nantes@edu.xunta.es*





# COMEDOR ESCOLAR

## INFORMACIÓN PARA OS USUARIOS DO COMEDOR

O teléfono que Arelas ten a disposición dos usuarios é o **986.40.81.51** ou 669.29.79.66 de luns a venres en horario **de 8 a 17:00 horas** ininterrompidamente. Tamén pode contactarnos en **calidad@arelas.es**.

**A petición de alta, baixa ou modificación** de servizo deberá comunicarse exclusivamente mediante as vías indicadas NUNCA deberá realizarse a través de monitor@s, nin da ANPA .

ARELAS dispón da páxina web www.cateringarelas.com onde os usuarios poderán **consultar os menús**

**O tempo de comedor** comprende dende as 14:30 ata as 15:30, de luns a venres e o tempo de lecer, abarca dende as 15:30 ata as 16:00.

**O horario das educadoras** de comedor vai dende as 14:15 ata as 16:00, de luns a venres.

**O horario de recollida do alumnado** por parte da familia será dende 15:30 ata as 16:00 horas.

**Ás 16:00 horas** tamén comezan moitas das actividades extraescolares que organizan conxuntamente o centro e a ANPA. No caso de que haxa alumnado usuario do comedor que participe nas actividades extraescolares da primeira hora, se organizará un sistema de traslado e traspaso de custodia entre o persoal do comedor e os/as monitores/as encargado/as das extraescolares que se desenvolven no colexio.**Os alumnos/as que non asistan a ningunha actividade ás 16.00 subirán á biblioteca polo que hai que recollelos alí desde as 16.00 ás 17.00 horas.**

IMPORTANTE: O ALUMNADO NON PODE SAIR DO COLEXIO SOLO EN NINGÚN CASO.

| | *HORARIO COMEDOR* | *BIBLIOTECA* | *ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES* |
|---|---|---|---|
| *LUNS* | 14.30-16.00 horas | 16.00-17.00 h | 16.00-17.00 h |
| *MARTES* | **14.30-17.00 horas** | ------------------- | 16.00-18.00 h |
| *MÉRCORES* | 14.30-16.00 horas | 16.00-17.00 h | 16.00-17.00 h |
| *XOVES* | 14.30-16.00 horas | 16.00-17.00 h | 16.00-17.00 h |
| *VENRES* | **14.30-16.00 horas** | ------------------- | ---------------------- |

O VENRES HAI QUE RECOLLER AOS ALUMNOS/AS QUE USEN O COMEDOR ANTES DAS 16.00 HORAS.

*ACTIVIDADES EN EDUCACIÓN ALIMENTARIA*

O tempo que dure o acto de comer, levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Lavarse as mans antes e despois de comer.
- Lavarse os dentes despois de comer.
- Transportar con coidado os servizos e os alimentos.
- Utilizar os cubertos e o pano de mesa con atención e medida.
- Mastigar ben os alimentos, sen comer rápido.
- Concienciarse sobre a importancia de manter o espazo do comedor limpo e ordenado coa finalidade de crear un ambiente agradable para comer.
- Valorar a importancia de inxerir alimentos dunha dieta equilibrada.
-Colaborar nas tarefas organizativas no momento de comer.

Ás 15:30 h darase por finalizada a comida e o protocolo de hixiene e **comezan as actividades de lecer**, ata as 16:00 horas. Tamén, a partir das 15:30, as familias poderán recoller aos nenos e ás nenas.

As familias, a ANPA, e os responsables das actividades extraescolares, deben facilitar os datos de contacto ás educadoras.

Todos os alumnos/as deben permanecer no colexio ata que veñan buscalos o seu pai/nai ou en quen deleguen seguindo as normas de organización e funcionamento (NOFC) , **non se poderán desprazar sós para asistir ás actividades do Círculo Cultural e Deportivo ou na Casa da Cultura de Nantes.**

DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO E DAS FAMILIAS

**O alumnado usuario do servizo de comedor escolar ten dereito a:**

- Recibir unha dieta equilibrada e saudable.
- Recibir orientacións en materia de educación para a hixiene e a saúde e de adquisición de hábitos alimenticios e sociais.
- Participar nas actividades educativas programadas.

**O alumnado usuario do servizo de comedor escolar está obrigado a:**

- Aceptar e respectar o proxecto educativo do comedor.
- Observar un comportamento adecuado segundo as normas de convivencia.
- Respectar ao persoal que presta o servizo e cumprir as súas orientacións.

- Mostrar respecto e consideración cara ó resto do alumnado usuario.
- Respectar as instalacións e utilizar adecuadamente o mobiliario e os utensilios de cociña.
- Participar nas actividades educativas programadas.

As familias teñen dereito a ser informadas periodicamente da programación de menús do servizo de comedor.

As familias, así como o resto de usuarios están obrigados a:

- Abonar a cuantía que lles corresponda polo custo do servizo.
- Respectar o proxecto educativo do comedor.

NORMAS DE CONVIVENCIA.

Sendo o comedor un servizo educativo, hai que comportarse de acordo coas máis elementais normas de educación, responsabilidade e convivencia, de igual xeito que nas clases.

O comedor é un contexto ideal para practicar a convivencia, as boas formas e as actitudes de solidariedade e servizo aos outros. Ademais do fomento de hábitos hixiénicos, de alimentación equilibrada e educación para a saúde.

O comedor escolar débese valorar como servizo do centro, como un ofrecemento que se fai á comunidade educativa e do que ningúen pode sentirse raro, aínda que non participe directamente. Así que todos os colectivos e órganos da centro débeno sentir como propio.

As normas xerais de convivencia do centro son de aplicación a todas as actividades e servizos do centro. Así, o respecto ás persoas e o bo uso do material e recursos son de aplicación, tamén á hora de comer e á aula do comedor escolar. Calquera situación na hora de comer e no tempo de lecer, que sexa contraria ás normas de convivencia do centro, será resolta de acordo co NOF(Normas de Organización e Funcionamento do Centro).

No tempo para comer, o alumnado deberase lavar as mans antes e despois de comer, entrará e sairá do comedor de forma ordenada e ocupará o seu lugar e adoptará a postura correcta; utilizará correctamente os cubertos e o pano de mesa; comunicarase cos demais cun ton de voz adecuado, procurando manter un clima de convivencia e diálogo adecuados; non lanzará nin tirará a comida na mesa ou ao chan e colaborará nas tarefas de quitar a mesa, limpeza e orde.

Nos tempo de lecer, o alumnado deberá ser respectuoso cos outros e estar atento ás indicacións das educadoras; poñerase especial atención ás actitudes irrespectuosas tanto cos seus iguais como coas educadoras; non se poderán usar pelotas; evitaranse actividades violentas e deportes fatigosos; participará nas actividades programadas polas educadoras, atendendo e respectando a organización prevista por estas.

## COMPLEMENTOS Á HIXIENE CORPORAL

Os comensais deberán levar unha bolsa de hixiene persoal, con cepillo de dentes, toalla, pasta dental, colonia... Cada venres levarase á casa a bolsa para lavar a toalla e/ou repoñer material. O luns seguinte devolveraa á escola.

Aquelas familias que o desexen (recomendable nos pequenos), poden traer un mandilón debidamente marcada co nome d@ nen@.

| FUNCIONAMIENTO DIARIO DO SERVIZO DE COMEDOR | |
|---|---|
| 1ª Fase<br>SAÍDA DO CENTRO | Os alumnos/as baixo a supervisión dos mestres de garda son recollidos polo autobús ás 14:30 horas |
| 2ª Fase<br>CHEGADA AO COMEDOR | Os alumnos/as acompañados polo coidador/a acceden ás dependencias do comedor. |
| 3ª Fase<br>COMIDA | Os alumnos/as" acompañados polo monitor/a realizan as rutinas da alimentación. |
| 4ª Fase<br>SALIDA DO COMEDOR | Unha vez realizada a comida os alumnos/as fan as actividades de aseo: mans e dentes.<br>Tempo de lecer acompañados polos monitores. |
| 5ª Fase<br>ACTIVID ADES | Despois da comida os alumnos/as poden asistir ás actividades ofertadas pola ANPA de 16.00 a 17.00 horas ou permanecer na biblioteca do centro no mesmo |

Catering Arelas

En nome de CATERING ARELAS é un pracer saudar e informarlles de que o vindeiro curso seremos a Empresa responsable do servizo de comedor no seu centro.

Se desexa efectuar a alta para o curso 2018-19 deberá remitir a ficha cuberta integramente a ARELAS ao email calidad@arelas.es ou chamando ao teléfono 986.40.81.51. Pregámoslle que a lea atentamente e asine onde se indica.

1. Modalidade de contratación de servizo.

a. Fixo: Se precisa do servizo uns dias da semana, o recibo pasarase entre o día 1 e 5 do **mes posterior**, e as mensualidades serán sempre do mesmo importe, segundo a táboa de prezos especificada de seguido, e calculadas a partir do nº de dias lectivos do curso, divido entre os 10 meses de servizo.
b. Calendario de días ou quenda laboral: se precisa do servizo uns días sen periodicidade semanal ( días de calendario) e o sabe con antelación, deberá informarnos a semana anterior.
c. Esporádico: se precisan o servizo días soltos sen posibilidade de planificar. Debe avisarnos o día anterior antes das 17:00H ven o telefono ou correo indicados.

2. O teléfono que Arelas ten a disposición dos usuarios é o 986.40.81.51 ou 669.29.79.66 de luns a venres en horario de 8 a 17:00 horas ininterrompidamente. Tamén pode contactarnos en calidad@arelas.es

3. A petición de alta, baixa ou modificación de servizo deberá comunicarse exclusivamente mediante as vías indicadas NUNCA deberá realizarse a través de monitor@s, nin dá Anpa.

4. ARELAS dispón da páxina web www.cateringarelas.com onde os usuarios poderán consultar os menús.

(**A1) G.G. Catering Arelas, S.L
Pol. Industrial A Pasaxe, Nave Nº5
36316 – Vincios
Pontevedra


Catering Arelas

# COMEDOR

## ..:: Datos do alumno

Solicitude comedor escolar do CEIP: ____________________

Nome e apelidos: ____________________

D.N.I: ____________________ Curso actual: ____________________

Padece algunha alerxia: ☐ SI ☐ NON

** No caso de padecer algunha alerxia alimentaria, será obrigatorio incluír a este documento, unha copia do informe médico orixinal.

Descripción da alerxia:

____________________

## ..:: Solicitude de asistencia (**F1)

Data de inicio no comedor: [ ] [ ] [ ]

| | | |
|---|---|---|
| Setembro: ☐ | Febreiro: ☐ | Luns: ☐ |
| Outubro: ☐ | Marzo: ☐ | Martes: ☐ |
| Novembro: ☐ | Abril: ☐ | Mércores: ☐ |
| Decembro: ☐ | Maio: ☐ | Xoves: ☐ |
| Xaneiro: ☐ | Xuño: ☐ | Venres: ☐ |

## ..:: Datos do representante

Nome e apelidos: ____________________

D.N.I: ____________________ Teléfono: ____________________

Domicilio: ____________________

E-Mail: ____________________

(**D1) Titular: ____________________

(**D2) Nº de conta: ES [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ]

Firma del titular (**D1):

Mediante a firma desta orde de domiciliación, o deudor (**D1) autoriza ao acreedor (**A1) a enviar instrucións á entidade do deudor (**D1) para adeudar na súa conta, e á entidade para efectuar os adeudos de forma recurrente (Según **F1) na súa conta, seguindo as instrucións do acreedor.

Como parte dos seus dereitos, o deudor está lexitimado ó reembolso pola súa entidade nos termos e condicións do contrato suscrito coa mesma. A solicitude de reembolso deberá efectuarse dentro das oito semanas que seguen á data de adeudo en conta. Pode obter máis información adicional sobre os dereitos na súa entidade financieira.


En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, [illegible] GRUPO GALEGO CATERING ARELAS, S.L. [illegible] GRUPO GALEGO CATERING ARELAS, S.L. [illegible] información a terceiros.


Curso